



dl vg 81-2013

nº18

Sumario

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é a Soberanía popular?	Redacción.	4
Defender a cultura propia é loitar pola soberanía popular	Fou	6
Viñeta	Ratona Chernobil	7
Territorios Palestinos Ocupados. Campos de exterminio?	Anxeles B.F.	8
Viñeta	Quemenarras	10
Inmigración e Interculturalidade en Vigo	Oscar Lomba	11
Soberanía Alimentar	Verdegaia	12
Os cárceres, campos de exterminio	Interno 29554	14
Portada	Adataberna	
Almanaque	Montse Piñeiro	

0.50€ n.º 18

Setembro-2014

**COLABORA
CONNOSCO!**

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
172 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase baixo unha Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.

Locais de distribución:

Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmadiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo), Mercado da Tía Ri (Sabarís), Café Uf (Vigo), Cova dos ratos (Vigo), Bar Hipólito (Vigo), Tetería Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo), Taberna do Jefe (Cangas), Taberna O rincón (Cangas), La bolera (Moaña), Rañolas, Café (Condumar), Casa Colorida (Nigrán), CS Fuscalho (A Guarda), Detrás do Marco (Vigo), Edra (Vigo), CS Lume (Galvrio), Galería Jazz (Vigo), Café Bar A Pola (Vigo), Cantina Candela (Vigo), Quinta da Carmiña (Vigo), La casa de arriba (Vigo)

RECÍCLAME!

EDITORIAL

Hoxe vivimos nun mundo no que a doutrina capitalista impón as súas normas e valores. As relacións que se establecen entre as sociedades e as persoas xéranse nun marco onde todo pode ser mercado e vendido. Un marco onde se entende que os coñecementos populares, os recursos naturais, as tradicións ou os dereitos dos pobos e as persoas, son unha mercancía máis á que se lle pode poñer un prezo. Enténdese, dende esa ollada retorcida, na que todo o existente pode ser privatizado e posuído e, polo tanto, pode ser obxecto de negocio por parte de quen lle pertenza.

Atopámonos pois cun marco onde a soberanía atópase desprazada do lexítimo cara ao ilexítimo. Un marco que se estrutura a través de relacións nas que o colonialismo, a apropiación ilegal e a implantación de medidas en contra da vontade dos pobos e as persoas están á orde do día, para que unhas poucas empresas, países e persoas poidan vivir “por riba das súas posibilidades” a costa do resto. Hoxe empresas como Monsanto impoñen as súas sementes transxénicas mentres se prohiben os cultivos tradicionais transmitidos de xeración en xeración, estados como o de Israel seguen masacrando pobos (como Palestina) despois de máis de 60 anos para intentar impoñer a súa vontade, multinacionais como Chiquita Brands International (USA) en Colombia contratan paramilitares para

apropiarse das terras indíxenas a través da intimidación e o asasinato,... Hoxe unhas poucas empresas e persoas poden apropiarse do que non é seu de calquera xeito, a través dun marco legal inexistente no que as autoridades miran para outro lado coas mans cheas de culpa e sangue!

E fronte a esta situación medran acotío milleiros de iniciativas que buscan xerar alternativas e resposta social, que ao tempo abren o camiño cara a unha sociedade más xusta. Desta concepción é de onde parte a idea da soberanía actual. Unha soberanía que se constrúe a través da colaboración, o crecemento sostible, a redistribución da riqueza e o beneficio social e ecolóxico. Unha soberanía que ten como alicerces base a dignificación e a liberdade das persoas e os pobos. En definitiva, unha ferramenta coa que construír outro mundo é posible e necesaria.

DEMOCRACIA FRONTE “OS MERCADOS”
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

QUE É A SOBERANÍA POPULAR?

Redacción.

A soberanía é a capacidade que posúe un pobo para gobernar sobre si mesmo en tódolos eidos que lle atinxen (territorio, habitantes, leis...). O concepto de soberanía relaciónnase directamente coas nocións de lexitimidade e independencia, fronte ao uso arbitrario do poder e ao dominio dun pobo sobre outro.

"A soberanía alimentar é a facultade de cada pobo para definir as súas políticas agrarias e alimentarias "

QUE SOBERANÍAS HAI NO TERREO SOCIO-ECONÓMICO?

- SOBERANÍA ALIMENTAR

- Facultade de cada pobo para definir as súas propias políticas agrarias e alimentarias apoíándose no desenvolvemento sostible e na seguridade alimentaria.
- Baséase na idea de... protección do dereito dos pobos a alimentos nutritivos, axeitados, accesibles, producidos de forma sostible e ecolóxica.
- Oponse a...

.... política da FAO (baseada na dispoñibilidade de alimentos) incidindo na importancia da orixe e o modo de producción dos alimentos.

... política da OMC (baseada no principio de libre comercio) incidindo no fortalecemento e control da economía a través da lexislación.

- SOBERANÍA ENERXÉTICA

- Capacidade dunha comunidade para exercer o control e para regular de xeito

racional, limitado e sostible a explotación dos recursos enerxéticos.

- Baséase na idea de... o dereito dos pobos ao control autónomo e á distribución equitativa dos seus recursos enerxéticos nun marco de sostenibilidade ambiental.
- Oponse a... calquera modelo de producción centralizado e en mans de poucas persoas ou empresas así como ao emprego de combustibles fósiles, caros e pouco accesibles.



Aeroxerador autoconstruido en Malawi
Foto:whiteafrican

- SOBERANÍA TECNOLÓXICA

- Capacidade dunha comunidade para tomar decisións en relación coa tecnoloxía que emprega; como, cando e por que modificala, e, sobre todo, con quen traballar este aspecto crucial para o desenvolvemento dunha sociedade.
- Baséase na idea de... protección do dereito dunha comunidade de dominar os seus medios tecnolóxicos de tal xeito que non poidan ser controlados por outros intereses alleos. Incide na idea

de autoconsumo e creación colectiva e aberta.

- Oponse a... o modelo capitalista actual que se basea nun modelo privativo que só proporciona ao consumidor o dereito ao uso da tecnoloxía adquirida.

SOBERANÍA DOS POBOS VS. GLOBALIZACIÓN

No mundo actual o neoliberalismo impón a súas liñas ideolóxicas e o seu sistema de valores. A rendibilidade económica, a eficiencia, a "modernidade" ou a velocidade, son conceptos ligados ás ideas de homoxeneidade e de poder.

"Vivimos unha nova onda colonizadora que baleira o poder dos órganos de soberanía popular para llo ceder ás empresas"

Vivimos unha nova onda colonizadora (onde non hai necesidade de ocupar os territorios fisicamente) baseada no desenvolvemento de normativas que consisten en baleirar de poder os órganos de soberanía popular para llo ceder ás empresas progresivamente.

Existen milleiros de factores e modelos que confrontan o modelo actual capitalista pero hai dúas liñas que marcan especialmente a xeración dunha nova cultura que rache coa existente:

- **Conservación dos Pobos Indíxenas.** Os pobos indíxenas son colectivididades que asumen unha identidade étnica en base a unha cultura, unhas institucións e unha historia que os definen como pobos autóctonos dun territorio. No mundo hai 370 millóns de indíxenas (5% da poboación mundial) repartidos en 70 países dos 6 continentes, que conservan máis de 5000 das 7000 linguas que hai no mundo. Ademais empregan prácticas baseadas na adaptación natural ao medio, polo que axudan a protexer a

diversidade biolóxica mundial. Os 17 países que albergan máis de 2/3 dos recursos biolóxicos do planeta son os territorios tradicionais da maioría dos pobos indíxenas do mundo.

- **Cambio cara a un Estilo de Vida Sostible en occidente.** A cultura occidental é quen impulsa o modelo capitalista actual, que xa hoxe abrangue todo o planeta e que empurra cara a unha situación non sustentable (calcúlase que en 2050 seremos 9.000 millóns de habitantes e necesitaremos 2,5 planetas como a Terra para cubrir as nosas necesidades). Frente a isto xorden novas liñas que se apoian nun estilo de vida sostible (concepto que se basea en dar resposta ás necesidades básicas, ofrecer una mellor calidade de vida, minimizando o uso dos recursos naturais e emisións, e sen comprometer as necesidades das xeracións futuras).



Foto: Han Soete

E TI... QUE PODES FACER?

Informarte e procura cooperativas e colectivos que aposten pola soberanía alimentaria, tecnolóxica e enerxética. Consume produtos de "km. 0" (producidos na túa propia localidade) que sexan respectuosos co medio ambiente e procura converterte nun prosumidor (persoas que consumen o que elas mesmas producen). Actívate e implícate con outras persoas en tecer redes de producción-consumo locais.

DEFENDER A CULTURA PROPIA É LOITAR POLA SOBERANÍA POPULAR

Fou

Cada persoa está vinculada ao seu entorno de diferentes formas, áinda que se cadra a cultura é un dos lazos más visíbeis.

Os costumes e a lingua poden ser os factores diferenciais máis destacados á hora de definir unha determinada cultura. Pero, pódese dicir que unha cultura é mellor ca outra? Non, xa que cada unha é diferente e incomparable ao resto.

Igual que non se poden comparar dúas persoas dado que o seu contorno, experiencias e coñecementos son diferentes, coas culturas dos diferentes pobos pasa o mesmo. Cada unha foi evolucionando e adquirindo determinadas características propias, do máis simple ao máis complexo.

Este proceso de enriquecemento foi grazas á posta en contacto dos diferentes pobos e culturas, non na substitución dunha cultura por outra, senón no intercambio mutuo de costumes, de coñecementos e de prácticas. E só con este equilibrio entre conservación e intercambio como un pobo pode progresar a nivel cultural.



Concerto na rúa en Holguín, Cuba
Foto: Jose Pabloo Porras Monge

"A imposición cultural crea un cancro nas sociedades xa que ao desfacerse o equilibrio do intercambio xerase odio e autoritarismo "

Na actualidade ao igual ca no pasado, hai determinados pobos que están a sufrir unha imposición cultural. Isto como xa dixen antes, no canto de favorecer o enriquecemento de ambas comunidades o que fai é crear un cancro en ambas as dúas sociedades ao desfacerse o equilibrio e xerar odio e autoritarismos por ambas partes.

Nestes casos o pobo non debe caer nos discursos que apelan a considerar os seus costumes, lingua ou calquera outra característica como a superior ou mellor ca ocupante ou ocupada. Isto só consegue crear rexímenes autoritarios e intolerantes. O que se debe facer é defender a existencia da propia cultura libre de imposiciones, o libre intercambio e o libre dereito a decidir, é dicir, defender a soberanía do propio pobo, a soberanía popular.

Pero, que é a soberanía popular? A risco de trabucarme diría que a libre capacidade do pobo a decidir. E cando digo decidir refírome a decidir, non a elixir quien decidirá por el. A soberanía popular non é votar e elixir unha ou varias persoas dentro dun determinado pobo para que esas persoas sustenten a liberdade do "pobo", xa que ese "pobo" estaría conformado por eles mesmos e non polo conxunto de persoas co que comparte lazos culturais.

Con outras palabras, a soberanía dun pobo reside na liberdade individual de cada persoa, e non nunha suposta liberdade colectiva de actuación.



ANTONIA
6/12/12

• MALO SERÁ :

TERRITORIOS PALESTINOS OCUPADOS.

CAMPOS DE EXTERMINIO?

Anxeles B.F.

O que queda de Palestina hoxe son os territorios de Cisxordania (6.220 km²) e Gaza (365 km²). Nos mapas que se achegan vemos como foi sendo ocupada militarmente por Israel en diferentes etapas, invadido pola forza, contra todas as resolucións da ONU e demais organismos internacionais de xustiza.

Como nun campo de concentración o muro ilegal que Israel comezou a construír no 2002 deixaa pechada á poboación. Nalgúns puntos, este muro de formigón acada os sete metros de altura, cando estea finalizado chegará case aos 750 km de lonxitude.

Por outra banda están os asentamentos, tamén ilegais, de colonos xudeus. Para comunicar entre si estas colonias, o estado israelí constrúe 14.000 quilómetros de estradas en Cisxordania, illando entre si ás poboacións palestinas, que non poden circular libremente por elas. A isto súmase o bloqueo económico e de circulación imposto.

É dicir, que por riba de facer moi difícil a vida diaria, confiscanlle as terras e a auga potable ao pobo palestino.

"Para ir completando o xenocidio, cada tanto tempo Israel leva a cabo 'operacións' militares. A última matou a 1.865 palestinos"

Para ir completando o xenocidio, cada tanto tempo Israel leva a cabo "operacións" militares. No 2008 "Chumbo fundido", contra a Franxa de Gaza, causando máis de 1.400 civís palestinos mortos. No 2012 lanza unha ofensiva militar denominada

"Pilar de Defensa" tamén sobre Gaza co obxectivo declarado de decimar ao goberno de Hamás. Tras case un mes de ataques aéreos o saldo foi de 155 palestinos e 5 israelís mortos.

O último ataque sobre Gaza, denominado "Marxe protector", tivo como consecuencia, de momento, 1.865 palestinos mortos e 9.400 feridos en Gaza, maiormente civís, entre eles máis de 400 son nenos e nenas. As bombas caen indiscriminadamente sobre escolas e hospitais. 60.000 persoas non teñen onde agocharse. Isto é, un campo de exterminio. Pola banda de Israel hai 67 mortos, 64 dos cales son soldados.

A desigualdade de medios militares, de riqueza e desenvolvemento económico entre as dúas partes é cada vez máis grande. Hai un país que gaña sempre, que invade territorios e hai outro que intenta defenderse cos poucos medios dos que dispón, e ao que se lle está a desposuir de



todo. Polo tanto é difícil non poñerse do lado Palestino.

O motivo co que Israel escusa estas operacións é a súa defensa contra Hamás, considerado grupo terrorista por EEUU, Israel, Europa e algúns países máis. Pero a lista de cambios e reformas ligada a Hamás gañou as eleccións xerais palestinas no 2006. Dende entón o goberno de Hamás en Gaza está baixo o bloqueo de Israel.

Cales son os criterios para considerar terrorista a Hamás? Que pretende unha

"Cales son os criterios para considerar terrorista a Hamás? O que mata máis civís e o estado de Israel, non debería ser este o calificado como terrorista?"

defensa armada? Se ao longo de tantos anos o bando que produce máis vítimas humanas civís, o que ocupa territorios ilegalmente, o que bloquea e intenta asfixiar a un pobo para quedarse cos territorios é Israel, por que non se fala de Terrorismo de Estado neste caso?

No ano 2012 a ONU recoñece o dereito do pobo palestino a establecer un estado



propio, coas fronteiras de 1967. Votaron en contra Israel e Estados Unidos, xunto con Canadá, República Checa, Panamá, Nauru, Palau, Micronesia e as Illas Marshall, pero os votos a favor foron de 132 nacións. Aínda que é interesante sinalar a abstención de Alemaña e Reino Unido, xunto con outros países do Báltico. Isto supuxo un bo contratempo para Israel. E recentemente, neste ano, os grupos de Hamás e Al Fatah acordaron por fin un goberno de unidade para Palestina. Isto supón outro golpe máis.

É neste momento cando se inicia a última ofensiva. Resulta un tanto estranxo que sexa Hamás quen a comece. É fácil deducir a quen beneficia.

Como reacción, as xentes de moitos países manifestámonos nas rúas, saímos a cada asalto en defensa do pobo palestino, canalizando neses actos a nosa impotencia e tristeza. O sistema bríndanos este derecho a desafogar, pacífica e organizadamente.


Creo que a nosa mobilización debería ir en contra dos nosos propios gobernos. Presionándoos de xeito continuo para que a lexislación e os tratados internacionais que asinaron se cumpran. E, ao mesmo tempo, que presionen a Israel con medidas de boicot comercial, financeiro, institucional...

Nestes días vemos que a UE endurece as sancións contra Moscú polo seu papel no conflito de Ucrania, despois do derrubamento do avión de Malaysia Airlines, imponiendo medidas contundentes ao seu sector financeiro, enerxético e militar.

Por que non hai unha resposta semellante, con moitas más razóns, contra o Estado de Israel?

Pódese asinar para pedir a EE.UU deixe de vender armas a Israel en:

<https://www.es.amnesty.org/actua/acciones/eeuu-dejar-armar-israel-jul14/>



M.RATI

setembro

1

2

3

4

5

6

7

Concertos "QUINTAFEST"
A partir das 20:30h
CSUA Quinta da Carmiña

8

9

10

11

12

Charla do colectivo
"Contaminación"
á 20h00h.
CSUA Quinta da Carmiña

13

Proxección do documental
baralheiro sobre educación
"Quando sinto que já sei",
á 20:30 na Covas dos Ratos

14

15

16

17

18

19

20

Xornadas de formación
organizadas por Ecolar, t
odo o día desde ás 11:00h
no CSUA Quinta da Carmiña

21

Obradoiro de Xabóns
con a ceite reciclado
á 17:00h.
CSUA Quinta da Carmiña

22

23

24

25

26

Charla "Xuridico e
Ocupación" ás 20:30h.
CSUA Quinta da Carmiña

27

Obradoiro de plantillas
e uso de stencil ás 17:00h.
CSUA Quinta da Carmiña

28

Obradoiro de "
Socán e subprodutivos"
á 17:00h.
CSUA Quinta da Carmiña

29

30

31

XENTE SEN CORAZÓN



INMIGRACIÓN E INTERCULTURALIDADE EN VIGO

Oscar Lomba

A interculturalidade no espazo urbano é aquela situación comunicativa e inclusiva, derivada da interacción entre persoas e grupos sociais que comparten unha cidade, onde non se consente que unha comunidade cultural estea por riba doutra, favorecendo en todo momento a cooperación e convivencia harmónica. Neste xeito de entender as relacións interculturais establecese un vínculo baseado na tolerancia, o respecto á diversidade e o beneficio mutuo. Porén, non é un proceso exento de conflitos, e estes poden resolverse mediante o respecto, a xeración de contextos de horizontalidade para a comunicación, o diálogo e a escoita recíproca, o acceso equitativo e oportuno á información, a procura da concertación, a interlocución e a sinerxía.



Danza uruguaya nas rúas de Vigo

Foto: Septem Trionis

Non hai culturas mellores nin peores. Cada cultura pode ter maneiras de pensar, sentir e actuar nas que determinados grupos se atopen nunha situación de discriminación, pero se aceptamos que non hai unha xerarquía entre as culturas estaremos postulando o principio ético que considera

que todas as culturas son igualmente dignas e merecedoras de respecto. Isto significa que o único xeito de comprender correctamente as culturas é interpretar as súas manifestacións de acordo cos seus propios criterios culturais. Aínda que isto non debe supor eliminar o noso xuízo crítico, si que supón inicialmente deixalo en suspenso até que non entendamos a complexidade simbólica das prácticas culturais.

Vigo é o municipio galego con maior presenza de inmigrantes, máis de 17.000 persoas; dos cales ao redor do 60% proceden de países sudamericanos. A presenza en Vigo de persoas de distintas orixes, supón que medre a diversidade cultural, pero como en todo proceso de interacción entre persoas, danse situacións de desencontro e conflito.

Lonxe de considerar o conflito un elemento negativo para o desenvolvemento das sociedades, nun espazo de multiculturalidade significativa como é Vigo, o conflito presentase como un aspecto positivo que permite o avance da sociedade.

"O conflito é inherente ás relacións humanas é imprescindible xestionalo de xeito que se permita a transformación social "

O conflito é inherente ás relacións humanas e sociais, é imprescindíbel xestionalo de xeito que se permita a transformación social e das persoas que forman parte da cidadanía de Vigo. Dende esta perspectiva resulta apropiada a implementación de servizos de desenvolvemento da convivencia intercultural.

SOBERANIA ALIMENTAR

Verdegaia

O sistema industrial de producción e comercialización de alimentos caracterízase pola insustentabilidade, a oligarquía e a exportación relegando a un segundo plano a satisfacción das necesidades alimentares das poboacións locais. Centrada na obtención dun beneficio capitalista, actúa dun modo que impide a labregos e labregas acceder aos recursos necesarios para producir os alimentos básicos e reduce á mínima expresión a capacidade do consumidor de decidir que alimentos consumir.

"A soberanía alimentar presentase como unha alternativa para as persoas que queren ficar no rural dunha forma digna"

A Soberanía alimentar preséntase como unha alternativa para as persoas que deciden ficar no rural dunha forma digna, fronte a un modelo que orienta o rural ao subdesenvolvimento mediante o desmantelamento dos servizos públicos e a desaparición da cultura labrega, e que

CLAVES DA SOBERANIA ALIMENTAR

DEREITO A DECIDIR

- QUÉ ALIMENTOS PRODUCIR?
 - ALIMENTOS ADAPTADOS ÁS CONDICIONES NATUARIS DO LOCAL DE PRODUCCIÓN
- COMO PRODUCIR?
 - A PARTIR DE SEMENTES TRADICIONAIS
 - RESPEITANDO OS CICLOS NATURAIS
 - REXEITANDO OS AGROTÓXICOS
 - EXEITANDO AS SEMENTES MODIFICADAS XENETICAMENTE

SUSTENTABILIDADE

- PROMOVER A CAPACIDADE DE PRODUCIR ALIMENTOS LOCALMENTE
- CENTRAR A PRODUCCIÓN NOS PRODUTOS DE TEMPADA
- PRIORIZAR OS MERCADOS LOCAIS DE MODO A MINIMIZAR A DISTANCIA ENTRE O LOCAL DE PRODUCCIÓN E O DE CONSUMO



levou en 2008 a que por primeira vez a poboación urbana do planeta superara á rural.

A Soberanía alimentar promove o dereito a decidir que alimentos producir e consumir, a convicción de que se pode vivir sen devorar o planeta e de que é posible acabar coa fame e a desnutrición superando o industrialismo. Promove tamén a recuperación de modos de producción máis respectuosos coa contorna natural e social, mediante a adaptación da producción aos ciclos naturais, o respecto polas condicións de traballo e o facilitar o acceso de toda a poboación aos alimentos.

A Galiza, como parte da minoría global privilexiada, non padece problemas de abastecemento de alimentos para a súa

poboación, pero non por iso goza de Soberanía alimentar. A nosa capacidade para decidir os alimentos que producimos e consumimos é cada vez menor, porque o noso rural esmorece; porque estamos a desertizar a nosa terra, ríos e mar; e porque dependemos do sistema industrial. Ao mesmo tempo, somos fonte de erosión da Soberanía Alimentar doutros pobos polo que só avanzando na nosa propia Soberanía Alimentar construiremos unha Galiza cun rural vivo, ecoloxicamente sustentábel, socialmente xusta e compatíbel coa dos demais pobos do mundo.

"A nosa capacidade de decidir que producimos e consumimos é cada día menor"

RANÍA ALIMENTAR

COOPERACIÓN

- PERMITE A FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO RURAL
- RELACIÓN DE CONFIANZA E DE COOPERACIÓN ENTRE AS PRODUTORAS FRONTE Á COMPETITIVIDADE DOS MERCADOS
- COÑECER QUEN PRODUCE O QUE COMEMOS, CONSTRUIR ESPACIOS DE DIALOGO ENTRE AS PRODUTORAS E AS CONSUMIDORAS



SEGURIDADE

- AS PERSOAS LABREGAS PODEN PRODUCIR, ELABORAR E COMERCIALIZAR O SEU PROPIO PRODUTO Á MARXE DA INDUSTRIA, EVITANDO ASÍ UN MODELO AGRÍCOLA HOMOXENEIZADOR E INDUSTRIALIZADOR
- AS A INDUSTRIA É A CAUSANTE DE CRISES ALIMENTARES E SANITARIAS COMO AS "VACAS TOLAS" A "GRIPE AVIAR" OU A "FEBRE PORCINA"

Foto: Felipe Pera

OS CÁRCERES CAMPOS DE EXTERMINIO

interno29554 *

Polos anos 80, drogodependentes, homosexuais e personas cualificadas como promiscuas pasaron a formar parte dunha "casta", case como uns "intocables".

O alto goberno, a Igrexa e certos estamentos dos Ministerios de Xustiza e Interior, idearon unha fórmula para acabar con esta "lacra". Inventaron unha fórmula que os beneficiaba a todos eles a costa de que, nunha década, se perdease unha xeración.

"Nos cárceres se falsificaron analíticas e diagnosticaron falsos VIH"

Foron eles os que facilitaron a entrada de droga no noso país.

Eles fixeron cárceres más modernas, más ailladas e con rexímenes más duros

Fomentaron o estigma do SIDA e sementaron de cadáveres de xente nova o país.

Para eles esta era unha forma de terminar con aqueles aos que vían como delincuentes.

Hai que ter en conta que os Ministerios de Xustiza e Interior destinaban a Institucións Penitenciarias pluses por cada enfermo con esta enfermedade, tanto se atopaba na fase inicial como se necesitaba de medicación específica. Falsificaron analíticas e diagnosticaron falsos positivos de VIH. O negocio era redondo para moitos: aparte de traballo para avogados, xuices, fiscais, policía,... lograron "infectar" e marxinhar a gran parte da poboación reclusa deste país.

Cando fago estas afirmacións é porque teño probas disto.



Cárcere de Carabanchel

Foto: Adriano Agulló

Un seropositivo realiza sistematicamente análises cada tres ou seis meses. Así, durante a miña estancia en prisión (6 anos, 11 meses e 3 semanas, nas que vin caer a moitos compañeiros pola SIDA) realizáronme analíticas positivas periodicamente. Pero cando saín de prisión, e me puxen en mans dun especialista, dixéronme que non tiña nada.

O Dr. Ocampo, erudito na materia e eminencia de referencia en España, non quixo explicarme o porqué daqueles falsos positivos. En canto lle pedín explicacións, o seu talante dialogante transformouse nunha antipatía agresiva e sen cortarse un pelo invitoume a abandonar a consulta.

Normalmente tardábase mes e medio en ter o resultado destas probas. Pero tan pronto me deron o primeiro negativo, fixéronme outra analítica que tardou só 45 minutos en estar lista: NEGATIVO.

Intentei facerme oír, pero os meus intentos foron silenciados mediante longos procesos, dos que fago directamente responsables aos titulares dos devanditos ministerios nos anos indicados, nos que se impediu que eu recuperase a documentación necesaria para demostrar o que me aconteceu.

**"Cantos compañeiros,
desesperados, crendo que tiñan o
VIH, pasaron os seus últimos anos
no cárcere consumindo drogas
duras"**

Eu mantivénme firme no meu propósito de deixar as drogas duras xa na prisión. Pero cantos compañeiros, que puideron estar na miña mesma situación, desesperados, botaron a manta á cabeza e pasaron os últimos anos das súas vidas en prisión consumindo, e así facer más levadeira a súa condena. Cantos serían falsos negativos que acabaron por contaxiarse e morrer antes de pisar a rúa.

Agora síntome un afortunado, pero en realidade, daquela nunca me sentín enfermo. Eles estaban empeñados en facerme creer que o meu futuro eran ao máximo 10 anos, pero eu negueime

a tomar a medicación que a saber as secuelas físicas que me provocaría.

Aceptaron o consumo de drogas nos cárceres, pero ao seu xeito: permitiron a entrada de dogras nos pavillóns, pero non deron nin unha xeringa sanitaria. Coa maior das hipocrisías inventaron programas de reinserción e centros de desintoxicación que custaban millóns de pesetas. Pero ainda así, para acabar con aquela "lacra", mataron persoas que estaban sás. Aínda hoxe en día, ningún se quixo facer cargo deste xenocidio.

Intentei denunciarlo, pero todo se silenciou até lograr que prescribise a causa. Cunha investigación ben feita, teríase dado a posibilidade de depurar responsabilidades.

No lembro a toda a xente moza que quedou polo camiño, a dor das súas familias e un odio visceral a estas institucións e a eses asasinios de masas. Este é o resumo destainxustiza, que a forza de repetirse, cobrou carácter de lei.

Mando o meu ánimo a todos aqueles portadores que dubidan de que o seu futuro sexa curto, e o meu apoio incondicional a esta loita contra a SIDA.



CENTRO PENITENCIARIO DE
A LAMA

SERVICIOS MEDICOS

Racel- A LAMA-36830 Pontevedra.

Informe solicitado por [REDACTED]

Nombre : [REDACTED]	Número : 01279138
Origen : CONSULTORIO LOPEZ MORA	Fecha Extrac: 27/01/00
Localización : [REDACTED]	Hist./S.S. : 36/10020380
Hab/Cama : 700529	Edad : 39
Doctor : LEON GONZALEZ HIGGINIA	Fecha Impres: 28/01/00
Diagnóstico: FACTORES DE RIESGO	Hora Impres: 09:21:18

SECCION DE SEROLOGIA

HIV 1 Y 2
Anti-HIV 1/2 (BIA-AXSYM) ... NEGATIVO

Vigo, a 28 de enero 2000

Fdo. Dra. Glez. del Blanco

Según nos consta en su historia clínica es un paciente VIH positivo desde 1992, presentando una hepatopatía por Virus C. Se le realizaron múltiples analíticas tanto en la prisión de Monterroso, Vigo, Zamora y Topas, para control evolutivo de las patologías antes citadas. Fue vacunado en 1992 contra la hepatitis B en la prisión de Monterroso.

La última analítica que nos consta tiene fecha del 26 de agosto de 1997 realizada durante su estancia en la prisión de Salamanca, presentando 732 linfocitos CD4 y en la bioquímica aparece 32 U/L de GOT y 79 U/L de GPT.

A Lama, 10 de marzo do 2000.



Análise que me realizaron nun hospital fora do cárcere en xaneiro do 2000 e deu negativo
VIH

Informe penitenciario de marzo do 2000 no que se fai constar que son VIH positivo * alias escollido polo autor para manter a súa intimidade

